

**Programa de goberno
2011 - 2015**

BNG DE RIBADEO

MAILING ELECTORAL. IMPRESO POSTAL SEN ENDEREZO



Fernando SUÁREZ BARCIA
Candidato á alcaldía de Ribadeo

Con **máis forza** poderemos facer realidade **máis proxectos**

Despois destes anos, cheos de esforzo e ilusión, achegámonos de novo a todos e todas vostedes para pedirles o voto: co seu apoio poderemos proseguir coa senda de progreso, seriedade e rigor (xa comezados) á fronte do Concello. Quero propoñerlles que fagan destas eleccións un punto e seguido para continuar avanzando. Pensen que con máis forza poderemos facer realidade máis proxectos.

Estas son as medidas de goberno que lles presentamos para os vindeiros catro anos. Son o noso contrato coa cidadanía. O labor feito ao longo do mandato que agora remata danos credibilidade para formularlles estas novas iniciativas. Son realistas, feitas con sentidiño para podelas levar a cabo e non para engaiolalos durante os quince días que dure a campaña electoral. Xulguen vostedes.



Área económico-administrativa

ECONOMÍA.

A nosa principal preocupación vai ser mobilizar todos os recursos que estean ao noso alcance para que a economía ribadense centre os seus esforzos na creación de emprego. Ao respecto, temos que lograr a identificación de RIBADEO cunha marca de garantía para a actividade económica e empresarial, e cultural e deportiva.



Continuaremos xestionando de xeito eficaz o concello, coordinando esforzos con outras administracións, para que os proxectos que presentemos se acaben facendo realidade.

Para que se poida incrementar e diversificar o ritmo da nosa actividade económica (reactivación da construción, unha nova residencia de anciáns, novas instalacións deportivas, etc.) é imprescindible aprobar o PXOM e o PEPRI na primeira parte do mandato.

EMPREGO.

Elaboraremos un Plan de Emprego para a integración dos mozos e mozas ribadenses ao mercado laboral. Ao respecto, concertaranse prácticas laborais nas empresas de Ribadeo en contacto permanente cos centros de formación profesional regulada e non regulada. Tamén se estudará, en colaboración con outras administracións, a maneira de recolocar aos traballadores e traballadoras daqueles sectores máis danados pola crise.

Realizaremos, en coordinación con todos os axentes implicados (Servizo de Emprego, Centros de FP do concello, empresariado, sindicatos...) un estudo sobre os perfís profesionais que demandan os sectores económicos de Ribadeo e da comarca, para axustar a formación profesional no eido local.

Potenciaremos a realización de actividades de formación para que a xente que estea desempregada poida ampliar as súas posibilidades de atopar traballo.

Iniciaremos programas de teleformación axeitados ás ne-

cesidades do territorio e tamén aos diferentes sectores profesionais, no telecentro de Ribadeo.

Á hora de abordar a realización de concursos para a contratación pública teremos en conta criterios de carácter social (fomento de emprego estable, xuvenil, feminino, para discapacitados, etc.)

POLÍGONO INDUSTRIAL E FOMENTO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA.

Demandaremos a construción, xa concedida, dunha subestación eléctrica para reforzar o subministro de enerxía no polígono.

Esixiremos a construción, xa aprobada no Congreso dos Deputados, dunha terminal de carga e descarga para o tren de cercanías anexo ao polígono.

Promoveremos a creación dun viveiro de empresas en colaboración con outras administracións para facilitar o comezo da actividade empresarial aos emprendedores e emprendedoras. Ao respecto, potenciaremos fórmulas novas (como compartir espazos) para facilitar a posta en marcha de novas iniciativas empresariais.

Desenvolveremos unha estratexia de marketing para continuar coa difusión da marca "RIBADEO" focalizándoa neste caso no ámbito "Ribadeo de negocios"; neste estudo abordaremos os factores de localización empresarial e de oportunidade de negocio que caracterizan ao noso concello.



Estimularemos a realización de mesas sectoriais nas que estean presentes os distintos axentes económicos e sociais para deseñar actuacións que dinamicen a economía do concello.

PORTO DE RIBADEO.

Temos que defender toda a potencialidade de tráfico de mercadorías do Porto de Mirasol.

Demandaremos de Portos de Galicia unha clara aposta



polo noso porto comercial nun contexto de feroz competencia por parte dos seus rivais máis inmediatos.

Reclamaremos da Xunta de Galicia que denuncie e impida a aplicación de dumping por parte doutros organismos ou institucións que poida prexudicar a actividade de Mirasol.

Promoveremos a colaboración entre a Xunta de Galicia e o Principado de Asturias para planificar de xeito sistemático o dragado da ría.

COMERCIO.

Aproveitaremos toda a experiencia acumulada no campo da actividade comercial, en coordinación co CCA e con ACISA, para continuar co desenvolvemento do noso sector comercial. Ao respecto, apoiaremos aquelas propostas que o CCA e ACISA nos fagan chegar e que supoñan un incremento da actividade económica.

Continuaremos coas iniciativas xa postas en marcha e que deron excelentes resultados ao longo destes anos (“Ribadeo de Tapeo”, “Mercado dos Domingos”, “Mercado do Nadal”, “Mercado de Produtos da Horta”, “Tren Turístico Ribadeo Porta Norte”, etc.).

Levaremos a cabo un traballo de difusión das oportunidades de negocio no sector comercial local.

Realizaremos un inventario-rexistro de locais comerciais baleiros para favorecer o seu posible aluguer ou venda.

Abordaremos un estudo de novos formatos comerciais que poidan revitalizar o comercio de Ribadeo (oferta de “paquetes turísticos”, como “bonos gastronómicos”, “bonos rurais”, coordinación entre sectores profesionais ante a celebración de grandes eventos no concello para coordinar esforzos e maximizar a prestación de servizos).

Impulsaremos fórmulas novas de comercio a través da internet.

SECTORES PRODUCTIVOS BÁSICOS.

Daremos apoio de carácter loxístico e operativo ás actividades dinamizadoras dos sectores produtivos básicos (agrario, gandeiro, sector da madeira, silvicultura, etc.).

Intensificaremos a promoción da imaxe de marca dos nosos produtos da terra, do mar e da ría (tanto os tradicionais como os de recente explotación) a través do “Mercado dos Domingos”, a “Feira de Produtos de Horta” o “Mercado do Nadal” e o “Ribadeo de Tapeo”, reforzando así a marca “Ribadeo, produto de calidade”.

Inciaremos a construción de PUNTOS DE CARGA para a madeira.

Colaboraremos coa Confraría de Pescadores e Pescadoras de Ribadeo para promocionar e dar saída aos produtos do mar que se comercializan desde o porto pesqueiro.

TURISMO.

Relanzaremos a marca turística “Ribadeo” coa posta en valor das características paisaxísticas, culturais e gastronómicas do noso concello, tendo especialmente en conta que agora formamos parte da Reserva da Biosfera declarada pola UNESCO.



Continuaremos poñendo en valor o Camiño de Santiago, o centro etnográfico dos muíños e o das cetarias así como o turismo en torno aos valores da ría de Ribadeo.

Reclamaremos a construción do albergue de peregrinos xa negociado coa Xunta de Galicia.

Integraremos as rotas de sendeirismo recentemente creadas nos plans de promoción do turismo de natureza e rural.

Apoiaremos a creación e/ou modernización de servizos complementarios ao turismo da zona relacionados cos recursos e activos do contorno.

Continuaremos traballando en coordinación co sector ho-

teleiro na promoción de Ribadeo como referente no turismo de congresos para os países do noso contorno.

ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL.

Continuaremos coa mellora na xestión dos recursos do Concello e cunha maior eficacia na recadación para reducir a débeda do mesmo e mellorar o pago aos provedores.

Centraremos o aforro no concello nos gastos correntes, non no recorte de prestacións. Nese sentido, haberá que demandar da Xunta e do Goberno Central que cumpran todos os seus compromisos, nomeadamente en materia social.

Propoñeremos unha fórmula similar á do “Portelo único” para facilitar tramites administrativos coa comunidade veciña mediante a sinatura dun convenio co Principado de Asturias.

Implantaremos a administración electrónica.



Área de servizos socio-comunitarios

IGUALDADE.

Elaboraremos un II Plan de Igualdade que permita concluir as actuacións pendentes e poñer en práctica novas propostas.

Para o BNG é un obxectivo estratéxico acadar a plena realización do principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres nos concellos. Para iso desenvolveremos políticas transversais que engloben distintos sectores da actividade económica, social e cultural.

Esixiremos a inmediata construción da escola infantil para a que o Concello xa cedeu os terreos.



Fomentaremos a corresponsabilidade de homes e mulleres na asunción das tarefas do fogar e no coidado de persoas dependentes.

Dinamizaremos o Consello Municipal das Mulleres para facer del un órgano con iniciativa para reforzar a presenza e capacidade de decisión das mulleres no conxunto da sociedade.

Crearemos un punto de encontro familiar para mellorar o réxime de visitas nas familias en proceso de separación.

Continuaremos coas diferentes medidas de conciliación da vida familiar e laboral xa postas en práctica (bons axuda, actividades culturais e deportivas en tempo de vacacións).

Promoveremos de forma plena a incorporación das mulleres ao mundo laboral superando así unha visión desfazada das mulleres como coidadoras de nenos e nenas e de persoas dependentes.

Seguiremos desenvolvendo actividades formativas e de ocio que melloren a capacitación da muller para moverse nunha sociedade cada vez máis dinámica.

Proseguiremos coas campañas de sensibilización en igualdade en colaboración cos centros de ensino e de saúde para previr a violencia de xénero.

Continuaremos realizando actividades que permitan que as mulleres poidan gozar do seu tempo propio.

SERVIZOS SOCIO-SANITARIOS.

Reivindicaremos a plena aplicación da lei de Dependencia. Así, cómpre crear prazas en residencias da terceira idade, pero tamén hai que potenciar os centros de día e os servizos de proximidade (axuda no fogar, xantar na casa, etc.).

Esixiremos á Xunta a construción inmediata do centro de día para enfermos de alzheimer na Reitoral de Ove.



Comprometémonos a poñer en marcha unha residencia da Terceira Idade. Ao respecto, demandaremos da Xunta todo o apoio necesario para a súa posta en marcha.

Propoñeremos a adaptación das instalacións do centro de día para ampliar o número de prazas.

Ampliaremos os servizos de proximidade (axuda no fogar, xantar na casa, teleasistencia...)

Crearemos un servizo de lavandaría sobre rodas.

Crearemos un servizo de préstamo de material ortoprotésico e axudas de carácter técnico para persoas dependentes (camas articuladas, colchóns antiescaras, guindastres, andadores, etc.).

Propoñeremos ao Sergas a apertura do Servizo de **R**ehabilitación polas tardes para lograr un maior aproveitamento das instalacións sanitarias da vila.

Fomentaremos o voluntariado social.

Potenciaremos a coordinación socio-sanitaria para aproveitar mellor os recursos públicos no concello. Ao respecto, elaborárase unha base de datos na que se recollan as distintas situacións que necesiten (ou poidan necesitar) dos servizos sociais.

Incrementaremos as medidas de prevención de drogodependencias e outras adicións en coordinación co Centro de Saúde e os centros educativos. Incorporaremos a estas políticas preventivas aos pais e nais a través das Anpas.

Continuaremos coas charlas sobre educación en saúde a través do movemento asociativo, tanto na vila como nas parroquias.

Seguiremos desenvolvendo programas de turismo termal e de coñecemento do país para as persoas maiores.

CULTURA.

Consideramos a cultura como un ben social e motor de dinamización económica. Traballaremos para fidelizar aos usuarios e usuarias da cultura (para que o noso concello siga a ser un referente comarcal), pero tamén apoiare-

mos decididamente as iniciativas culturais, deportivas e xuvenís que xurdan dos colectivos e institucións do propio municipio.

Continuaremos coa presenza de Ribadeo nos distintos circuítos culturais (teatro, música, danza, mundo do audiovisual, etc.) tanto para público infantil como xuvenil e adulto.

Apostaremos polo teatro de base. Relanzaremos a Aula Municipal de Teatro, consolidaremos a Mostra de Teatro Afeccionado “Daniel Cortezón” e, ao mesmo tempo, apoiaremos as iniciativas que xurdan neste campo.

Ampliaremos e consolidaremos a Fototeca Virtual de Ribadeo.

Manteremos o apoio ao mundo das artes plásticas (tanto de artistas afeccionados como dos profesionais), nomeadamente aos creadores e creadoras ribadenses.

Seguiremos ofertando, de forma periódica, actividades de promoción da lectura e apoiando iniciativas que, ao redor do libro, xurdan no concello.



Concluiremos a conversión da Casa do Mar en Casa da Música. Ao respecto, seguiremos apostando de xeito decidido pola Escola Municipal de Música e Danza e pola colaboración coa Coral Polifónica de Ribadeo e a Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo.

Seguiremos promocionando a cultura na zona rural, tanto desenvolvendo actividades nas parroquias como apoiando as iniciativas que proveñan dos veciños e veciñas.

Continuaremos co programa de rehabilitación e mantemento de espazos destinados a actividade social e cultural.

Poñeremos todo o noso empeño en lograr a posta en valor do Castro das Grobas como parte do noso patrimonio histórico e cultural.

DEPORTES.

Manteremos o apoio decidido ao deporte base como pilar fundamental da nosa política deportiva.

Continuaremos co apoio e colaboración coas distintas en-



tidades deportivas do concello.

Potenciaremos a integración da muller na práctica do deporte.

Levaremos a cabo a drenaxe e renovación do céspede do Estadio Pepe Barrera.

Construiremos un campo de herba artificial para fútbol 7 e planificaremos, en base á aprobación do PXOM, un campo de fútbol 11 de herba artificial.

Faremos pistas de skate, paddle e tenis.

Realizaremos as xestións necesarias para a construción dunha pista de atletismo.

Seguiremos a potenciar os deportes tradicionais mediante a celebración de torneos.

Continuaremos co programa de ximnasia nas parroquias.

Potenciaremos os deportes náuticos e abriremos novas vías neste campo (como por exemplo a práctica do submarinismo).

MOCIDADE.

Promoveremos actividades alternativas de ocio.

Programaremos actividades lúdicas, deportivas e formativas para adolescentes en períodos vacacionais.

Servizos xerais

URBANISMO.

É de vital importancia lograr a aprobación do Plan Xeral de Ordenamento Municipal e do Plan Especial de Rehabilitación Integral para o Casco Vello de Ribadeo. Neste mandato rematado os distintos grupos municipais puxemos todo o noso empeño en sacalo adiante. Desde o BNG de Ribadeo imos manter, despois do día 22, a mesma posición que agora: respectaremos todo o traballo feito para lograr a inmediata aprobación do PXOM e do PEPRI.

Continuaremos co adecentamento, humanización e mellora de rúas (estenderemos a novas zonas este plan).

Habilitaremos novas prazas de estacionamento para facer fronte ao cada vez maior número de visitantes.

Continuaremos co apoio ás iniciativas de carácter cultural e deportivo que xurdan de entre a mocidade ribadense.

Crearemos novos locais de ensaio que reforcen as prazas xa existentes.

En colaboración con outras institucións (Deputación Provincial e Xunta de Galicia), propoñemos recuperar os ciclos de “Músicas posíbeis”, dando así a oportunidade de promoción aos novos valores musicais ribadenses.

Realizaremos cursos de educación afectivo-sexual que permitan profundar en políticas de prevención tanto do maltrato como de embarazos non desexados ou enfermidades de transmisión sexual.

Articularemos sistemas de axuda (por exemplo, bonos) para mozos e mozas demandantes de emprego para a práctica de deportes tanto en instalacións públicas como privadas.

PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

Ao longo deste mandato temos demostrado que estamos sempre preto da xente. A nosa disposición a escoitar suxestións e ofrecer propostas en diálogo directo coas persoas é ben coñecida por todas e todos. Comprometémonos a continuar con esta maneira de traballar “a pé de rúa”.

Consolidaremos a páxina web do concello como elemento básico de información acerca da acción de goberno e das prestacións e servizos das que se poidan beneficiar os cidadáns e cidadás ribadenses.

Fomentaremos o diálogo fluído entre a corporación e as distintas organizacións (veciñais, culturais, deportivas, de comerciantes, sindicatos, etc.) de tal xeito que as liñas básicas de actuación nas distintas áreas sexan consultadas coas organizacións sectoriais correspondentes.

Realizaremos actos públicos ao longo do mandato para explicar as actuacións levadas a cabo e escoitar novas propostas da cidadanía.



Promoveremos a construción dun paso soterrado por debaixo da liña de FEVE na zona dos Garitos.

Impulsaremos a construción dunha nova ponte peonil sobre a circunvalación na zona dos Malatos.

Demandaremos a ampliación da Ponte de Ove sobre a vía do tren.

Tal e como se fixo coa nova depuradora, o Concello realizará o esforzo que lle corresponda para construír un novo depósito de auga. Agora ben: outras administracións tamén deben asumir o compromiso que lles compete.

Faremos un carril bici para as praias a través da estrada da costa e estudaremos a viabilidade da creación dun carril bici polo casco urbano para acceder á zona escolar.

MEDIO RURAL.

Ao longo destes anos desenvolvemos proxectos e realizamos actividades polas distintas parroquias. Continuaremos con ese esforzo estendendo o saneamento, cun calendario anual de desbroce, arranxo de pistas, oferta cultural e formativa, etc.

Continuaremos co desenvolvemento das infraestruturas básicas nas distintas parroquias (mantemento da rede de camiños, limpeza de gabias, conservación do contorno dos ríos).

Prosequiremos co programa de saneamento para os núcleos rurais.

Reivindicaremos á Xunta o arranxo integral da estrada autonómica Reme-Vilamar.

Prosequiremos coa ampliación ás parroquias da Banda Ampla para conexión a Internet. En paralelo, seguiremos realizando cursos de alfabetización dixital no medio rural.

Apoiaremos e asesoraremos a aqueles grupos de gandeiros e gandeiras que decidan empregar os puríns das súas granxas para producir biogás.

Posibilitaremos o uso do sistema de transporte escolar para aquelas persoas que viven nas parroquias e precisan dun medio de locomoción para achegarse á vila.

Xestionaremos novas liñas de subvención para a mellora do impacto paisaxístico.

Continuaremos a potenciar a formación, o deporte e a cultura no medio rural.

LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE.

Manteremos e melloraremos os niveis de limpeza de rúas e espazos públicos acadados ata o momento.



Continuaremos cos Plans de salvamento, mantemento e limpeza das praias de Ribadeo.

Prosequiremos coas campañas de sensibilización acerca do uso apropiado dos contedores para mellorar na recollida selectiva do lixo.

Apoiaremos a produción de enerxía a partir de biocombustibles.

Xestionaremos novas liñas de subvención a particulares para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos.

Prosequiremos co programa de fixación de contedores nas parroquias.

TRÁFICO E SEGURIDADE LOCAL.

Poñeremos en marcha o I Plan de Mobilidade de Ribadeo.

Ampliaremos a cobertura da vixilancia da policía local.

Reclamaremos das distintas administracións unha maior dotación de medios para manter a seguridade cidadá.

Colaboraremos na coordinación eficaz entre a Policía Local e a Garda Civil a través da Xunta Local de Seguridade.

Este é o contrato que lle propoñemos ao pobo de Ribadeo, o noso compromiso. A forza da **nosa palabra**, feita **realidade** ao longo destes anos, é o noso principal aval. Pedímoslles o seu voto para levar á práctica todas estas propostas. Lembren: con **máis forza**, poderemos facer realidade **máis proxectos**.

Co seu **apoio** faremos
que o **Ribadeo** do **futuro**
sexa unha **realidade.**

